

1º ESO A - B - C — TRABALLO DE LINGUA GALEGA

Mentres non haxa clases debes dedicarlle a Lingua Galega uns 45 minutos cada día

TEDES QUE LER E ESCRIBIR TODOS OS DÍAS

Lectura

- Os/As que teñades que facer a recuperación dalgún libro, aproveitade estes días para lelo. E así, cando empecen as clases xa poderedes realizar a proba.
- Os/As que aprobastes os dous libros (o do 1º e o do 2º trimestre), intentade conseguir outro da lista de **LECTURAS 1º ESO** e ídeo lendo para o 3º trimestre.
- Se non sodes capaces de conseguir ningún da lista, procurade ler outro que sexa axeitado para vós. Cando comecen as clases xa me contará cadaquén o que leu, e decidiremos o que facemos en cada caso.

Expresión escrita

Debedes escribir un parágrafo cada día.

Recordade a extensión **MÍNIMA**: 5 liñas enteiras e a sexta iniciada.

Pero, evidentemente, poderedes escribir máis liñas: **NON HAI EXTENSIÓN MÁXIMA**.

Lembrede, non obstante, que é mellor **POUCO E BEN** que **MOITO E MAL**.

Poderedes facer igual que nas vacacións de Nadal e contar cada día algo diferente.

Antes de empezar a escribir debedes ter moi claro todo o que ides contar: o comezo, como se vai ir desenvolvendo e como vai rematar.

A continuación escribides o borrador, con calma e fixándose moito.

Despois lédelo moi amodiño e corrixídelo todo moi ben (repeticións, engadides o que falte, quitades o que sobre, signos de puntuación, faltas de ortografía, etc.) **polo menos dúas veces**.

E logo, cando xa estea ben ben, pasádelo a limpo con boa letra e unha boa presentación.

Libro de texto e fotocopias con exercicios

- 1.** Facede todos os exercicios que vos falten dos que xa puxeramos e que aínda non corriximos.
- 2.** Estudade o **Vocabulario** das unidades 3 (páx. 48-49) e 4 (páx. 66-67).
- 3.** Se tedes na casa o libro do 2º trimestre, facede os exercicios 1-2-3-4-5-7-8-9 do **Vocabulario** da unidade 5 (páx. 85). Se deixastes o libro no instituto, xa os faredes cando comecen as clases.
- 4.** Estudade **BEN** toda teoría que hai na páxina 52: o cadro das **Regras xerais de acentuación** e mais **í ou ú en hiato e na sílaba tónica**.
E estudade, tamén **BEN**, a teoría da páxina 70: **Palabras compostas – Adverbios rematados en -mente – Verbos + pronomes átonos – Coidado coa sílaba tónica**
- 5.** Facede os exercicios que vos falten de **ACENTUACIÓN 1º ESO (III)**.
- 6.** Ide facendo os exercicios de **ACENTUACIÓN 1º ESO (IV)**. Se poderedes, acabádeos.
- 7.** Estudade **BEN** o cadro de **Formación do plural dos substantivos** da páxina 33.
- 8.** Facede todos os exercicios de **SUBSTANTIVOS: NÚMERO**.

9. Lede **O negocio da seda** (páx. 8-9) e facede os seguintes exercicios da páx. 10: 3-4-5 (e os dous puntos) -7 (o enunciado é o seguinte: **Que ultimato lle deu a nai a Nacho?**) -8-9-10-11-12 (e o punto) -13 (e o punto).

10. Lede **Aprendendo a vivir** (páx. 26-27) e facede os seguintes exercicios da páx. 28: 1-3 (e o punto) -4-5-7-8-9-10-11-12-13.

11. Facede todos os exercicios da páxina 41 (**As festas gastronómicas**), incluídos todos os puntos.

12. Lede **Csurco** (páx. 44-45) e facede os exercicios 1-3-4-5-6-7-9-10-11-12-13 da páxina 46.

13. Facede todos os exercicios da páxina 59, **A Muralla de Lugo**.

14. Lede **As bicicletas** (páx. 62-63) e facede os seguintes exercicios da páxina 64: 1-3-4-5 (e o punto) -6-7-8-9 (e os dous puntos) -11-12-13.

15. Se tedes na casa o libro do 2º trimestre, lede **Mans de bailarina** (páx. 80-81) e facede todos os exercicios da páxina 82. Se deixastes o libro no instituto, xa os faredes cando comecen as clases.